

**Resolución reitoral pola que se convocan premios GirlGeekPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, curso 2023/2024**

A Universidade de Vigo comprométese no artigo 6.2. dos seus Estatutos a «contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na cal se respecte a igualdade entre mulleres e homes».

A Universidade de Vigo convoca os Premios GIRLGECKPOWER destinado as alumnas da Universidade de Vigo de titulacións STEM, dos campus situados na provincia de Pontevedra (Campus de Pontevedra e Campus de Vigo), co obxectivo de incentivar, apoiar e fomentar os estudos STEM entre as mulleres.

Este premio ten como obxectivo promocionar e incentivar os estudos STEM entre as mulleres, un campo onde hai unha infrarrepresentación feminina, pese á importancia estratéxica deste ámbito na nosa sociedade, o que pode redundar no incremento da fenda de xénero no futuro das novas xeracións.

O premio valorará o mellor aproveitamento académico das candidatas, ademais da súa motivación explícita nos estudos STEM.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, os Premios GirlGeekPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

*Por suplencia RR 14/07/2023 (DOG 06/07/2022)*

*A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación  
Belén Rubio Armesto*



## ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PREMIOS GIRLGEEKPOWER DA CÁTEDRA DE FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO****1. OBXECTO**

Coa finalidade de incentivar, fomentar e apoiar os estudos STEM entre as mulleres convócanse:

- 1 premio e 1 accésit para as titulacións das ramas de Ciencias e de Ciencias da Saúde.
- 1 premio e 1 accésit para as titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Poden solicitar o premio as mulleres que cumpran os seguintes requisitos:

- a) estar matriculadas na Universidade de Vigo no curso 2023/2024 en 60 créditos en titulacións de grao ou mestrado oficial das ramas de Enxeñaría e Arquitectura ou Ciencias e Ciencias da Saúde dos campus de Pontevedra e Vigo
- b) para as estudantes de grao ter superados ata o curso 2022/2023 60 créditos da titulación na que están matriculadas
- c) ter unha nota media do expediente ata o curso 2022/2023 igual ou superior a:
  - 7 nas titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura.
  - 8 nas titulacións da rama de Ciencias
  - 8 nas titulacións da rama de Ciencias da Saúde
- d) non ter recibido este premio en ningunha das convocatorias anteriores para o mesmo ciclo.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro.

**3. INCOMPATIBILIDADES**

O premio é compatible con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

**4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO**

1. Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 0000 131H 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 6.000,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente.

2. A contía máxima do premio é:

- GIRLGEEKPOWER Ciencias ou Ciencias da Saúde: 2.000,00 euros
- Accésit GIRLGEEKPOWER Ciencias ou Ciencias da Saúde: 1.000,00 euros
- Premio GIRLGEEKPOWER Enxeñaría e Arquitectura: 2.000,00 euros
- Accésit GIRLGEEKPOWER Enxeñaría e Arquitectura: 1.000,00 euros

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola estudante na súa solicitude e da que deberá ser titular.



CSV : GEN-e620-2e36-9f84-50fd-e0a7-c8e9-e29c-24fe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 20/07/2023 09:36 | NOTAS : F

## 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1 As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/12425](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/12425), **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, pondo en **asunto** «Premios GirlGeekPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo», achegando unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia\\_registro\\_instancia\\_xenerica\\_gl.docx.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_registro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf). No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal).

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas achega a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emende e o faga a través da sede electrónica. A estes efectos, considerarase como data da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **29 de setembro de 2023** ás 23:59 h (hora peninsular española).

3. Xunto coa solicitude deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á Sede Electrónica):

- Carta de motivación: as candidatas deberán presentar unha carta de motivación onde amosen, por unha banda, as razóns que as levaron a optar por realizar estudos universitarios no ámbito das STEM e, por outra, onde reflexionen sobre a súa experiencia persoal como mulleres nun ámbito tradicionalmente masculinizado.
- Certificación académica dos estudos realizados, no caso de que se realizasen nunha universidade distinta á de Vigo.

Tamén se lles poderá requirir que axunten outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para



tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Nota media do expediente de grao e de acceso aos estudos de mestrado: 80 % da puntuación
- Carta de motivación: 20 %

No caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas ofertadas aplicárase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión ao reitor. A comisión de avaliación está composta por:

**Presidenta:** Águeda Gómez Suárez, directora da Unidade de Igualdade.

**Vogais:** Soledad Torres Guijarro, representante da UVigo.

Lucía Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

Ana Isabel Amoedo Garrido, funcionaria de carreira, traballadora social adscrita ao Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das compoñentes non pode asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

No caso de resultar vacantes nalgunha das ramas poderá ser adxudicado á persoa con maior puntuación das listas de agarda da outra rama, ata esgotar o crédito orzamentario.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de alumnas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta ao reitor quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterá a listaxe definitiva de alumnas con premio concedido e a súa contía, as persoas con premio denegado e a causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



As interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

## 8. OBRIGAS

As beneficiarias deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

## 9. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 10. MENTORIZACIÓN

As alumnas seleccionadas contarán coa mentorización dunha profesora ao longo do curso, quen desempeñará un labor de orientación e seguimento académico e científico co obxectivo de potenciar a calidade e a excelencia da súa formación universitaria.

## 11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos premios concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que



a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-e620-2e36-9f84-50fd-e0a7-c8e9-e29c-24fe

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 20/07/2023 09:36 | NOTAS : F